

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3248 *Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A dimensión internacional da actuación do Estado cobrou nos últimos tempos un protagonismo sen precedentes. A razón disto é que nun mundo globalizado e interdependente como o actual a forma de conducir a política exterior dun Estado incide de maneira directa e inmediata na vida e intereses dos seus cidadáns. Ademais, no ámbito europeo, desenvolveuse un ambicioso proceso de integración supranacional en que os Estados membros atribuíron á Unión Europea o exercicio dun elenco tan amplo de competencias que a actuación nacional e internacional quedan estreitamente entrelazadas.

Para España, a aprobación da Constitución de 1978 supuxo un cambio transcendental que tivo unha grande incidencia na acción exterior do noso país. Permitiu a incorporación de España a foros dos cales durante moito tempo estivemos excluídos, especialmente a xa citada Unión Europea, o Consello de Europa e a Alianza Atlántica, ao mesmo tempo que impulsou a creación da Comunidade Iberoamericana de Nacións. Tamén propiciou o establecemento de novas dimensións da acción exterior, como é a cooperación internacional ao desenvolvemento. E todo isto con fundamento no firme compromiso cos valores fundamentais que inspiran as relacións dentro da comunidade internacional, moi en especial os valores da dignidade humana, a liberdade, o estado de dereito, os dereitos humanos, a solidariedade, o fomento da paz, o respecto do dereito internacional e o compromiso co multilateralismo.

Así mesmo, a Constitución de 1978 creou o marco xurídico necesario para o recoñecemento a diversos suxeitos, entre eles as comunidades autónomas a través dos seus respectivos estatutos de autonomía, de competencias en materia de acción exterior, tanto no ámbito da Unión Europea como no da acción exterior en sentido propio. Isto comportou un grande enriquecemento interior e exterior para España, pero leva consigo, pola súa vez, a correlativa necesidade de coordinación para garantir unha harmoniosa convivencia entre a acción exterior e a dirección da política exterior por parte do Goberno.

II

Neste contexto, a Lei da acción e do servizo exterior do Estado concíbese como un instrumento flexible que presta atención preferente a cinco exixencias fundamentais.

En primeiro lugar, resulta preciso afirmar e promover os valores e intereses de España co obxectivo de fortalecer a súa presenza internacional e reforzar a súa imaxe no mundo.

En segundo lugar, cobra unha importancia capital consolidar e reforzar a credibilidade de España no exterior xa que, como consecuencia da globalización e do crecemento exponencial das relacións económicas internacionais, a dita credibilidade é de indubidable

importancia para aumentar a exportación de bens e servizos, atraer capitais con que financiar a nosa economía e facilitar a implantación e expansión das nosas empresas.

En terceiro lugar, convén fortalecer a nosa participación no proceso de integración europea e articular unha acción exterior que resulte harmónica coa política exterior e de seguridade común da Unión Europea, así como cos fins do servizo europeo de acción exterior.

En cuarto lugar, é primordial lograr unha adecuada coordinación da acción exterior de España coa dos Estados que integran a Comunidade Iberoamericana de Nacións. Esta dimensión xenuína de España, derivada da historia e da afinidade cultural e lingüística de que forma parte substantiva o español como lingua común, constitúe un empeño irrenunciable para España.

E, finalmente, resulta obrigado garantir unha adecuada asistencia e protección aos españois e apoiar a cidadanía española e as empresas españolas no exterior.

A partir desta concepción, a lei establece sete principios reitores da acción exterior do Estado: unidade de acción no exterior, lealdade institucional e coordinación, planificación, eficiencia, eficacia e especialización, transparencia e servizo ao interese xeral.

Sobre estes principios, a lei reafirma a competencia do Goberno no seu papel de dirección da política exterior e as súas facultades de coordinación da acción exterior. Revitaliza o Consello de Política Exterior e o seu Consello Executivo, aos cales corresponde velar para que a acción exterior do Estado se desenvolva de conformidade cos principios e obxectivos da política exterior e se axuste ás directrices fixadas polo Goberno mediante a adecuación dos medios aos obxectivos. Establece, xa que recoñece todos os actores no exterior, instrumentos de planificación, seguimento e coordinación que procuren que a acción exterior sexa integrada e exista unha plena conexión entre ela e a política exterior. E, finalmente, concibe o servizo exterior do Estado como o instrumento fundamental para a execución da política e da acción exterior ao aglutinar nel todos os órganos da Administración xeral do Estado que actúan no exterior e definir os embaixadores e representantes permanentes ante organizacións internacionais como órganos directivos a que corresponde a dirección e a coordinación de todos eles.

Todo isto vértébrase, loxicamente, no marco constitucional, en particular con base competencial no artigo 149.1.3.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais, no artigo 149.1.18.^a, que lle atribúe a competencia exclusiva en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas e de réxime estatutario dos funcionarios, e no artigo 97, que outorga ao Goberno, así mesmo en exclusiva, a dirección da política exterior.

III

A lei estrutúrase en catro títulos. O punto de arranque configúrao un título preliminar no cal se recollen as disposicións xerais sobre o obxecto e definicións da lei e os principios que a inspiran, con clara diferenza entre política exterior e acción exterior do Estado. Perséguese dotar esta última de unidade e coherencia interna, máis alá da suma das accións sectoriais, planificala, garantir a súa eficacia e eficiencia, recoñecer a necesaria especialización na súa execución e póla ao servizo dos intereses xerais de España, como resultado dunha visión participada e compartida sobre o que a España lle interesa.

O título I regula os suxeitos e os ámbitos da acción exterior do Estado. As súas disposicións parten do recoñecemento da existencia dunha multiplicidade de suxeitos que, sen competencias en política exterior, desenvolvan unha moi intensa acción exterior no exercicio das súas competencias propias, e débense suxeitar ás directrices, fins e obxectivos establecidos polo Goberno no exercicio, pola súa vez, da súa competencia exclusiva de dirección da política exterior do Estado. Respecto dos suxeitos, entre os que non cabe esquecer, polo seu relevante papel, a Coroa, a lei recolle a mención daquelas competencias e funcións que gardan estreita relación coa acción exterior do Estado. Como novidade, a lei establece un sistema de información e comunicación das actuacións no exterior e das viaxes e visitas ao exterior que persegue unha dobre finalidade: que o Goberno facilite aos suxeitos da acción exterior apoio na súa execución e, no que aos

órganos constitucionais e administracións públicas concirne, que poida emitir recomendacións motivadas acerca da adecuación das ditas actuacións ás directrices, fins e obxectivos da política exterior.

Así mesmo, neste título relaciónanse e describíense, sen ánimo de constituír unha lista cerrada e inmutable, os ámbitos da acción exterior entendidos como aqueles que, pola súa singular importancia, deben ser atendidos e tidos en conta para a formulación dunha política exterior cuxo obxectivo último é a defensa e promoción dos valores e intereses de España, o progreso e o crecemento sustentable e o benestar da poboación española, con especial énfase na promoción da igualdade entre homes e mulleres e a erradicación da violencia de xénero, destacando a atención e protección das mulleres españolas vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas no exterior.

No título II regúlense os instrumentos de planificación, seguimento e coordinación da acción exterior. Os primeiros son a Estratexia e o Informe de acción exterior, ambos obxecto de aprobación polo Goberno, cuxa elaboración levan a cabo conxuntamente todos os departamentos ministeriais e se completa coas achegas dos órganos constitucionais, as comunidades e cidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.

Na elaboración da Estratexia de acción exterior resulta imprescindible a posta en valor de todos os nosos activos inmateriais ante sociedades civís e actores non gobernamentais no ámbito internacional. A promoción da imaxe de España no exterior constitúe unha tarefa inescusable.

Polo que á coordinación concirne, a lei presta especial atención a un órgano clave para a consecución dos seus obxectivos, o Consello de Política Exterior, órgano colexiado asesor do presidente do Goberno na súa tarefa de dirección da política exterior que se configura como o principal garante da coherencia interna da acción exterior do Estado e a plena coordinación entre a acción exterior e a política exterior.

Este órgano colexiado adquire ademais un protagonismo esencial a través do seu Consello Executivo, ao cal corresponde formular propostas relativas á adecuación e mellor ordenación dos medios humanos, orzamentarios e materiais do servizo exterior para o cumprimento dos fins e obxectivos fixados na Estratexia de acción exterior. Dito noutros termos, coñece como e onde se debe producir o despregamento do noso servizo exterior para mellor servir os intereses xerais de España.

O título III dedícase á nova configuración da organización da Administración xeral do Estado no exterior, o servizo exterior do Estado, figura xa apuntada no Real decreto 632/1987, do 8 de maio, sobre organización da Administración do Estado no exterior, que persegue a unidade de acción de todos os órganos da Administración xeral do Estado no exterior. Para isto garántense as funcións de dirección da misión e de coordinación da acción exterior e do servizo exterior que xa a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, atribúe aos embaixadores e representantes permanentes na súa condición de órganos directivos no exterior, á vez que recoñece a necesidade e importancia da incorporación do coñecemento especializado á acción exterior do Estado.

Como novidade, a lei establece as bases para que o Consello Executivo de Política Exterior poida recomendar a adopción de medidas de xestión integrada nas misións diplomáticas a través do establecemento, alí onde se considere necesario ou conveniente, dunha sección de servizos comúns que procure, ademais, un máis eficiente aproveitamento dos recursos humanos e materiais públicos.

Neste título introdúcense tamén novos conceptos e novas formas de diplomacia e representación, aproveitando a potencialidade que ofrece o despregamento do servizo europeo de acción exterior e das súas delegacións no exterior ou acordando cos Estados que integran a Comunidade Iberoamericana de Nacións a creación de oficinas sectoriais conxuntas en terceiros Estados para o desenvolvemento de ámbitos específicos da acción exterior.

Este modelo require que a Administración potencie a formación continuada dos funcionarios que integran o servizo exterior en capacidades novas que permitan o traballo

interdisciplinar e multisectorial, así como o pleno desenvolvemento das capacidades directivas e técnicas de negociación no contexto internacional e a formación no coñecemento e perfeccionamento de idiomas. Para isto, a lei configura a Escola Diplomática e o ICEX España Exportación e Investimentos, a través do Centro de Estudos Económicos e Comerciais, como centros de formación dos funcionarios do servizo exterior.

Finalmente, a lei péchase coas correspondentes disposicións adicionais, derogatorias e derradeiras.

IV

Finalmente, convén situar esta lei na súa xusta perspectiva histórica e deixar constancia do valor que nesta materia ten un consenso político e social para a súa posta en marcha.

En efecto, esta lei inscríbese nunha rica traxectoria histórica, varias veces centenaria, da diplomacia española, que funde as súas raíces últimas nas valiosas achegas que a Escola de Salamanca fixo no século XVI ao dereito internacional e cuxa actuación sempre se desenvolveu con enteira vocación de servizo público. Non en balde as dimensións xenuínas da nosa acción exterior –a europea, a iberoamericana e atlántica, así como a mediterránea– entroncan, sen dúbida, coas diplomacias castelá e aragonesa, pero é, así mesmo, propiamente española a nosa vocación de universalismo. Esta historia diplomática é certamente excepcional pola súa magnitude xeográfica, pola súa produción doutrinal política e xurídica, polas súas institucións, medios e persoas, así como polos seus usos, rumbos e tarefas. E é lexítimo traer a colación este inxente e valioso legado, pois, en gran medida, os condicionantes e as categorías, as persoas, os recursos e os obxectivos da acción exterior que regula a presente lei incardínanse na dita historia.

Por outro lado, as novidades e cambios que a presente lei comporta non poden ser levados a cabo en solitario polo Goberno. Unha adecuada e eficaz aplicación desta lei require un acordo básico entre as forzas políticas, as comunidades autónomas, as organizacións empresariais e sindicais, o mundo da cultura e a colaboración de toda a sociedade española. Só así poderá transformarse realmente unha orde xurídica deseñada na época en que aínda subsistían as vellas fronteiras entre os Estados para construír outra adaptada aos novos imperativos da globalización.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto e definicións.*

1. Esta lei ten por obxecto regular a acción exterior do Estado, enumerar os seus principios reitores, identificar os seus suxeitos e ámbitos, establecer os instrumentos para a súa planificación, seguimento e coordinación e ordenar o servizo exterior do Estado, para asegurar a coordinación e coherencia do conxunto de actuacións que a constitúen e a súa adecuación ás directrices, fins e obxectivos da política exterior.

2. Para os efectos desta lei enténdese por:

a) Política exterior: o conxunto de decisións e accións do Goberno nas súas relacións con outros actores da escena internacional, con obxecto de definir, promover, desenvolver e defender os valores e intereses de España no exterior.

b) Acción exterior do Estado: o conxunto ordenado das actuacións que os órganos constitucionais, as administracións públicas e os organismos, entidades e institucións delas dependentes levan a cabo no exterior, no exercicio das súas respectivas competencias, desenvolvidas de acordo cos principios establecidos nesta lei e con observancia e adecuación ás directrices, fins e obxectivos establecidos polo Goberno no exercicio da súa competencia de dirección da política exterior.

c) Servizo exterior do Estado: os órganos, as unidades administrativas e os medios humanos e materiais que, baixo a dirección e a coordinación do Goberno, executan e

desenvolven a política exterior e a acción exterior deste, sen prexuízo das competencias dos distintos departamentos ministeriais.

Artigo 2. *Principios e obxectivos da política exterior.*

1. A política exterior de España ten como principios inspiradores o respecto á dignidade humana, á liberdade, á democracia, ao estado de dereito e aos dereitos humanos. A política exterior de España defenderá e promoverá o respecto e desenvolvemento do dereito internacional, en particular o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas. Promoverá os proxectos de construción europea e da Comunidade Iberoamericana de Nacións, así como o multilateralismo no seo da comunidade internacional.

2. Son obxectivos da política exterior de España:

- a) O mantemento e promoción da paz e a seguridade internacionais;
- b) O fomento de institucións multilaterais fortes e lexítimas;
- c) A promoción e consolidación de sistemas políticos baseados no estado de dereito e no respecto aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas;
- d) A loita contra a pobreza, a solidariedade cos países en vías de desenvolvemento e o desenvolvemento económico e social de todos os Estados;
- e) A defensa do ambiente e a protección da biodiversidade, a loita contra o cambio climático e a preocupación pola seguridade alimentaria;
- f) A eliminación das armas de destrución masiva e armas químicas e a asunción dun compromiso activo por un progresivo desarmamento a nivel mundial;
- g) A construción dunha Europa máis integrada e máis lexítima ante os seus cidadáns, que se constitúe como un actor global de referencia;
- h) O fortalecemento da Comunidade Iberoamericana de Nacións;
- i) A seguridade e benestar de España e dos seus cidadáns;
- j) A asistencia e protección aos seus cidadáns, así como a protección dos intereses económicos de España no exterior;
- k) A promoción dos intereses económicos de España no exterior.

Artigo 3. *Principios reitores da acción exterior do Estado.*

1. A acción exterior do Estado, como elemento esencial para a execución da política exterior, desenvolverase no marco dos instrumentos de planificación regulados nesta lei e suxeitarase aos principios, directrices, fins e obxectivos da dita política.

2. A acción exterior dos órganos constitucionais, das administracións públicas e dos organismos, entidades e institucións delas dependentes rexerase polos seguintes principios:

- a) Unidade de acción no exterior. Enténdese por unidade de acción no exterior a ordenación e coordinación das actividades realizadas no exterior co obxecto de garantir a consecución dos obxectivos da política exterior do Goberno e a mellor defensa dos intereses de España.
- b) Lealdade institucional, coordinación e cooperación. A actividade realizada no exterior polos suxeitos da acción exterior do Estado desenvolverase con respecto á competencia exclusiva do Estado en materia de relacións internacionais e ás directrices, fins e obxectivos da política exterior do Goberno.
- c) Planificación. As prioridades, obxectivos e actuacións da acción exterior do Estado estableceranse nos instrumentos de planificación que se aproben de conformidade cos procedementos que se establecen nesta lei.
- d) Eficiencia. Na execución da acción exterior do Estado adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a utilización eficiente, a racionalización e a austeridade no emprego dos recursos públicos.
- e) Eficacia e especialización. Para lograr a mellor adecuación dos recursos públicos ao cumprimento dos obxectivos fixados, a acción exterior do Estado incorporará o

coñecemento técnico especializado, tanto na súa planificación como na súa xestión e execución.

f) Transparencia. O acceso á información relativa á acción exterior do Estado axustarase ao que, para o efecto, dispoña a normativa que resulte de aplicación.

g) Servizo ao interese xeral. A acción e o servizo exterior do Estado orientaranse á prestación dun servizo público de calidade e á defensa dos intereses e promoción da imaxe de España. Así mesmo, orientaranse á asistencia e protección dos españois, e ao apoio á cidadanía española e ás empresas españolas no exterior.

TÍTULO I

Suxeitos e ámbitos da acción exterior

CAPÍTULO I

Suxeitos da acción exterior do Estado

Artigo 4. *A Coroa.*

1. O rei asume a máis alta representación de España nas súas relacións internacionais, especialmente coas nacións da súa comunidade histórica, e exerce as funcións que lle atribúen a Constitución, as leis e os tratados internacionais en que España é parte.

2. Corresponde ao rei manifestar o consentimento do Estado para obrigarse internacionalmente por medio de tratados, de conformidade coa Constitución e as leis.

3. O rei acreditará os xefes das misións diplomáticas de España e os seus representantes permanentes ante organizacións internacionais e recibirá as credenciais dos representantes diplomáticos estranxeiros.

Artigo 5. *Suxeitos da acción exterior do Estado.*

1. Son suxeitos da acción exterior do Estado os órganos constitucionais, as administracións públicas e os órganos administrativos, institucións e entidades que, no exercicio das súas propias competencias, actúan e se proxectan no exterior.

2. Os órganos constitucionais, as comunidades autónomas, as cidades autónomas, as entidades que integran a Administración local e os organismos, entidades e institucións delas dependentes manterán informado o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das propostas sobre viaxes, visitas, intercambios e actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, se for o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da política exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei.

Esta obrigación de información no ámbito das comunidades autónomas e cidades autónomas comprenderá as viaxes, visitas, intercambios e actuacións dos seus presidentes e dos membros dos seus consellos de Goberno e non será de aplicación cando se trate de actuacións no ámbito da Unión Europea e de viaxes ou visitas ás súas institucións.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará ao de Facenda e Administracións Públicas a información recibida das comunidades autónomas e entidades que integran a Administración local.

3. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación prestará aos órganos constitucionais, ás administracións públicas e aos organismos, entidades e institucións mencionados no número anterior información e apoio para a súa proxección exterior, no exercicio das súas respectivas competencias e no marco dos principios reitores da política exterior e a acción exterior do Estado.

4. Os ministros, os órganos superiores dos departamentos ministeriais e os directivos dos organismos, entidades e institucións públicas deles dependentes informarán o Goberno das actividades desenvolvidas para o exercicio da súa acción exterior, dentro do seu ámbito competencial. Así mesmo, comunicarán ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación as viaxes e visitas que realicen ao exterior.

5. O Goberno poderá solicitar a colaboración de todos os suxeitos que participan na acción exterior do Estado para o desenvolvemento de misións e actuacións específicas que coadruen na defensa dos intereses do Estado no exterior ou no mellor cumprimento das directrices, fins e obxectivos da política exterior.

Artigo 6. *O Goberno.*

1. O Goberno dirixe a política exterior, autoriza a sinatura e aplicación provisional dos tratados internacionais, aproba a súa sinatura «ad referendum», remíteos ás Cortes Xerais e acorda a manifestación do consentimento de España para obrigarse mediante un tratado internacional.

2. O Goberno aprobará a Estratexia de acción exterior, os informes anuais de acción exterior, os plans anuais de acción exterior para a promoción da Marca España, o Plan director da cooperación española e os demais instrumentos de planificación que se consideren necesarios para definir, promover, desenvolver e defender os intereses de España no exterior.

3. Corresponde ao presidente do Goberno dirixir a acción do Goberno e coordinar as funcións dos seus membros e, en particular, determinar as directrices de política exterior e velar polo seu cumprimento, no desenvolvemento da acción exterior do Estado. En virtude das súas funcións e sen necesidade de plenipotencia, o presidente do Goberno representa España, de acordo coa Constitución e a normativa vixente, en todos os actos de celebración de tratados internacionais, incluída a manifestación do consentimento de España en obrigarse por tales tratados.

4. Os ministros, como titulares dos seus departamentos, dirixen e desenvolven a acción exterior do Estado no seu ámbito competencial, de acordo cos principios reitores establecidos pola presente lei. Para o desenvolvemento da súa acción exterior dispoñen do servizo exterior do Estado e, particularmente, dos órganos técnicos e unidades administrativas no exterior que deles dependan, orgánica e funcionalmente, sen prexuízo das facultades de dirección e coordinación do xefe da misión diplomática ou representación permanente respectiva.

Os ministros poderán representar o Estado nos actos de celebración dun tratado, con excepción da manifestación do consentimento do Estado en obrigarse por tal tratado, mediante a oportuna plenipotencia, outorgada polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

5. O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, no marco da superior dirección do Goberno e do seu presidente, planifica e executa a política exterior do Estado e coordina a acción exterior e o servizo exterior do Estado. Así mesmo, de conformidade coa Constitución e as leis, representa España en todos os actos de celebración de tratados internacionais, incluída a manifestación do consentimento de España en obrigarse por tales tratados.

Artigo 7. *As Cortes Xerais.*

1. As Cortes Xerais fomentan as relacións de amizade e colaboración coas asembleas parlamentarias e os parlamentos doutros Estados, de acordo cos principios recollidos nesta lei.

2. O Goberno poderá solicitar a colaboración das Cortes Xerais para a realización de misións de carácter parlamentario e para a participación en reunións parlamentarias internacionais cando resulte aconsellable para a defensa dos intereses do Estado no exterior, no marco da acción exterior do Estado, ou para o mellor cumprimento das directrices, fins e obxectivos da política exterior.

3. O Defensor do Pobo, na súa calidade de institución española para a promoción e protección dos dereitos humanos, desenvolve relacións de colaboración e asistencia técnica coas institucións nacionais homólogas doutros Estados e facilita, de forma independente, o seguimento que periodicamente realizan as organizacións internacionais sobre a situación en España dos dereitos humanos.

O Goberno poderá solicitar a colaboración do Defensor do Pobo para a realización de misións ante os foros internacionais de dereitos humanos.

Artigo 8. *As Forzas Armadas.*

1. As Forzas Armadas son un pilar básico na acción exterior do Estado, garanten a seguridade e a defensa de España e promoven un contorno internacional de paz e seguridade.

2. O Goberno acordará a participación das Forzas Armadas en misións internacionais, como parte do esforzo concertado na acción exterior do Estado, conforme os requisitos e procedementos establecidos pola Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

Artigo 9. *As forzas e corpos de seguridade do Estado.*

1. As forzas e corpos de seguridade do Estado participan na acción exterior do Estado e, a través da cooperación policial internacional, promoven o mantemento da seguridade pública no ámbito internacional.

2. O Goberno acordará os termos da participación das forzas e corpos de seguridade do Estado en misións internacionais, de acordo co establecido na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros suxeitos da acción exterior do Estado.

Artigo 10. *O Consello Xeral do Poder Xudicial.*

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial coaduxa na mellora da cooperación xudicial e institucional internacional e actúa no exterior, no exercicio das competencias que lle atribúan os tratados internacionais en que España sexa parte, as normas da Unión Europea e as leis, nos termos previstos na Lei orgánica do poder xudicial e de acordo cos principios establecidos nesta lei.

2. O Goberno poderá solicitar a colaboración do Consello Xeral do Poder Xudicial para a realización de misións de colaboración con outros poderes xudiciais ou para participar en reunións internacionais cando resulte aconsellable para a defensa dos intereses do Estado no exterior, no marco da acción exterior do Estado, ou para o mellor cumprimento das directrices, fins e obxectivos da política exterior.

Artigo 11. *As comunidades autónomas e entidades que integran a Administración local.*

1. As actividades que as comunidades autónomas, as cidades autónomas e as entidades que integran a Administración local poidan realizar no exterior, no marco das competencias que lles sexan atribuídas pola Constitución, polos estatutos de autonomía e as leis, respectarán os principios que se establecen nesta lei e adecuaranse ás directrices, fins e obxectivos da política exterior fixados polo Goberno.

2. Así mesmo, as ditas actividades das comunidades e cidades autónomas adecuaranse aos instrumentos de planificación da acción exterior, elaborados e aprobados de conformidade co disposto nesta lei e establecidos polo Estado no exercicio das súas facultades de coordinación neste ámbito, cando definan directrices de actuación propias da política exterior do Estado ou se insiran no ámbito das relacións internacionais de España.

As entidades que integran a Administración local estarán suxeitas aos instrumentos de planificación da acción exterior que determinen as súas respectivas comunidades autónomas.

3. As actuacións que se leven a cabo no exercicio da acción exterior non poderán comportar, en ningún caso, a asunción da representación do Estado no exterior, a celebración de tratados internacionais con outros Estados ou organizacións internacionais, a xeración, directa ou indirecta, de obrigas ou responsabilidades internacionalmente exixibles ao Estado, nin incidir ou prexudicar a política exterior que dirixe o Goberno. Corresponde, en calquera caso, ao Goberno establecer as medidas e directrices que regulen e coordinen as actividades no exterior das comunidades autónomas e cidades autónomas co obxecto de garantir o cumprimento do disposto nesta lei.

4. As comunidades autónomas, as cidades autónomas e as entidades que integran a Administración local poderán celebrar acordos internacionais administrativos en execución e concreción dun tratado internacional cando así o prevea o propio tratado, lles atribúa potestade para isto e verse sobre materias da súa competencia. Así mesmo, poderán celebrar acordos non normativos cos órganos análogos doutros suxeitos de dereito internacional, non vinculantes xuridicamente para os que os subscriben, sobre materias da súa competencia.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación emitirá informe, con carácter previo e de acordo co que dispoña a lexislación estatal que regule a súa celebración, sobre os acordos internacionais administrativos e os non normativos que estas administracións pretendan celebrar con autoridades ou órganos administrativos dun suxeito de dereito internacional. Para tal efecto, solicitará o informe dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia e, en todo caso, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 12. *Das oficinas das comunidades e cidades autónomas no exterior.*

1. As comunidades autónomas e as cidades autónomas informarán o Goberno do establecemento de oficinas para a súa promoción exterior, con carácter previo á súa apertura. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación emitirá informe sobre a proposta, de acordo coas directrices, fins e obxectivos da política exterior, coa Estratexia de acción exterior e, en particular, co principio de unidade de acción no exterior.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas emitirá informe sobre a dita proposta de acordo co principio de eficiencia na xestión dos recursos públicos, así como desde a perspectiva da súa adecuación á orde competencial.

3. Cando se trate de oficinas dedicadas á promoción comercial, solicitarase, ademais, o informe do Ministerio de Economía e Competitividade.

4. O Goberno impulsará a instalación destas oficinas dentro dos locais do servizo exterior do Estado cando así o permitan as dispoñibilidades de espazo do dito servizo, sen que, en ningún caso, a dita instalación comporte nin a súa integración no servizo exterior do Estado nin a aplicación ás ditas oficinas da normativa internacional, especialmente a recollida nas convencións de Viena sobre relacións diplomáticas e consulares.

Artigo 13. *Os organismos públicos, as sociedades estatais, fundacións e entidades consorciadas.*

1. Os organismos públicos, as sociedades estatais, as fundacións públicas e entidades consorciadas e calquera outra entidade vinculada ou dependente das administracións públicas actuarán no exterior, no exercicio das súas respectivas funcións e competencias, de acordo cos principios establecidos nesta lei e con suxeición ás directrices, fins e obxectivos de política exterior fixados polo Goberno e aos instrumentos de planificación da acción exterior elaborados e aprobados de conformidade co disposto nesta lei.

2. As entidades mencionadas no número anterior, vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, proporcionarán información ao departamento ministerial de que dependan ou a que estean adscritas sobre as súas actuacións no exterior, fins e obxectivos delas, adecuación ás directrices e documentos de planificación e resultados

obtidos, que se incorporarán aos informes que periodicamente se elaboren sobre acción exterior do Estado, de conformidade coa normativa vixente.

CAPÍTULO II

Ámbitos da acción exterior do Estado

Artigo 14. *Ámbitos da acción exterior do Estado e a súa relación coa política exterior.*

1. O Goberno, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, en virtude das competencias que lle atribúe esta lei e na forma prevista nos instrumentos de planificación regulados por ela, velará para que a acción exterior nos seus distintos ámbitos, entre eles os que se enumeran nos artigos 15 a 32 desta lei, se dirixa, preferentemente, ás áreas ou Estados que se consideren prioritarios para o cumprimento dos obxectivos de política exterior.

Así mesmo, poderá instar a actuación dos órganos, suxeitos e actores en calquera outro ámbito que considere conveniente, para a consecución dos fins da política exterior.

2. Os distintos departamentos ministeriais participarán nun ou en máis ámbitos da acción exterior do Estado en función das competencias que lles sexan atribuídas polas respectivas normas de estrutura orgánica.

3. O Goberno informará das súas iniciativas e propostas as comunidades autónomas cando afecten as súas competencias, e aquelas poderán solicitar dos órganos do servizo exterior do Estado o apoio necesario ás iniciativas autonómicas no ámbito das súas competencias.

4. As comunidades autónomas participarán na elaboración e execución da acción exterior no ámbito da Unión Europea a través dos mecanismos de cooperación existentes, en particular, a través da Conferencia para asuntos relacionados coa Unión Europea.

Artigo 15. *Acción exterior en materia de defensa.*

1. A actuación das Forzas Armadas no ámbito internacional enmarcarase no conxunto da acción exterior do Estado como elemento esencial para garantir a seguridade e defensa de España e para contribuír á proxección internacional de España e ao mantemento da paz e seguridade internacionais.

2. A acción exterior do Estado en materia de defensa rexerese conforme o disposto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 16. *Acción exterior en materia de dereitos humanos.*

1. A acción exterior en materia de dereitos humanos promoverá a extensión, recoñecemento e efectivo cumprimento dos principios fundamentais defendidos pola comunidade internacional de Estados democráticos e recoñecidos na propia Constitución española, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos demais pactos e tratados ratificados por España nesta materia, en especial as directrices de dereitos humanos da Unión Europea.

2. Así mesmo, promoverá a cooperación internacional en materia de defensa e garantía dos dereitos humanos e contará para isto co traballo de proxección exterior dos órganos constitucionais.

Artigo 17. *Acción exterior en materia tributaria.*

1. A acción exterior en materia tributaria e alfandegueira dirixirase a facilitar o cumprimento das obrigacións tributarias e alfandegueiras e á loita contra a evasión e a fraude fiscal mediante a extensión da rede de convenios para evitar a dobre imposición e acordos para o intercambio efectivo de información, así como a ampliar e perfeccionar os

instrumentos de cooperación que permitan a asistencia mutua en materia fiscal en todos os seus ámbitos.

2. O fortalecemento da cooperación internacional na loita contra a evasión e a fraude fiscal constituirá, igualmente, un principio específico en materia tributaria da acción exterior, participando activamente nas institucións e foros internacionais.

3. Así mesmo, promoverase a asistencia técnica e a formación especializada mediante acordos específicos con outros Estados e organizacións internacionais e perseguirase alcanzar unha presenza adecuada nestas últimas.

Artigo 18. *Acción exterior en materia de xustiza.*

1. A acción exterior en materia de xustiza orientarase a promover a cooperación xurídica internacional, singularmente no ámbito xudicial, e á celebración e actualización de acordos internacionais.

2. Así mesmo, orientarase á formación e fortalecemento da posición española ante as institucións internacionais e da Unión Europea no ámbito da xustiza e das liberdades públicas.

Artigo 19. *Acción exterior en materia de seguridade pública e asuntos de interior.*

1. A acción exterior en materia de seguridade pública e asuntos de interior desenvolverase mediante a cooperación policial internacional, elemento esencial para a prevención e a loita contra todas as formas de delincuencia organizada transnacional e o terrorismo, orientada á asistencia mutua e á colaboración coas institucións responsables da seguridade pública no exterior. Así mesmo, terá por obxecto a cooperación con terceiros Estados en materia de formación e asistencia técnica no ámbito penitenciario, de protección civil, de seguridade viaria e de políticas de apoio ás vítimas do terrorismo.

2. A acción exterior en materia de seguridade pública e outros asuntos de interior orientarase á formación e fortalecemento da posición de España ante a Unión Europea e as organizacións internacionais, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros suxeitos da acción exterior do Estado e, se for o caso, en coordinación con eles.

Artigo 20. *Acción exterior en materia económica, comercial, financeira e de apoio á internacionalización da economía española.*

A acción exterior en materia económica, comercial, financeira e de apoio á internacionalización da empresa consistirá na execución no exterior da política do Goberno en materia económica, de reformas para a mellora da competitividade e financeira, que comprende tamén as accións relativas ás institucións financeiras internacionais, así como as actuacións encamiñadas á internacionalización da empresa e a economía españolas.

Artigo 21. *Acción exterior en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.*

A acción exterior en materia de investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación promoverá a participación dos organismos públicos e privados en programas e proxectos científicos, tecnolóxicos ou de innovación internacionais, redes do coñecemento e, especialmente, nas iniciativas promovidas pola Unión Europea. Así mesmo, promoverá a mobilidade do persoal investigador e a presenza en institucións internacionais ou estranxeiras vinculadas á investigación científica e técnica e á innovación.

Artigo 22. *Acción exterior en materia de emprego e seguridade social.*

1. A acción exterior en materia de emprego e seguridade social orientarase ao desenvolvemento de actuacións relacionadas co emprego, ás relacións laborais e ao sistema de seguridade social que favorezan os intercambios, a cooperación e a

información nestas materias, así como á atención dos traballadores españois e das empresas españolas no exterior.

2. A planificación da acción exterior en materia de emprego e seguridade social terá presente as iniciativas e medidas que se impulsen no marco da Unión Europea e desde a Organización Internacional do Traballo e outras organizacións internacionais e comprenderá, de forma específica, os intercambios nestas materias e a mobilidade de expertos.

Artigo 23. Acción exterior en materia de emigración e inmigración.

1. A acción exterior en materia de emigración velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política para facilitar o seu retorno.

2. A acción exterior en materia de inmigración orientarase á ordenación dos fluxos migratorios cara a España e a reforzar a loita contra a inmigración irregular.

Artigo 24. Acción exterior en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A acción exterior en materia de cooperación para o desenvolvemento orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ao desenvolvemento humano sustentable e ao pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o estado de dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crises humanitarias.

Artigo 25. Acción exterior en materia cultural.

1. A acción cultural exterior dirixirase a promover as diversas manifestacións da cultura española, a potenciar a internacionalización das industrias culturais e a cooperar e fomentar os intercambios culturais e o coñecemento de España.

2. A acción cultural exterior atenderá os obxectivos establecidos na política cultural e terá en conta os compromisos que deriven das estratexias europeas e as metas establecidas no ámbito iberoamericano e na Unesco. A planificación das prioridades sectoriais e xeográficas da acción cultural exterior incorporarase aos mecanismos de intercambio cultural e de mobilidade de expertos.

3. A acción exterior en materia de cultura facilitará a defensa, promoción e difusión das culturas das nacionalidades e rexións que integran a nación española, no marco previsto no artigo 149.2 da Constitución española.

Artigo 26. Acción exterior en materia educativa.

1. A acción exterior en materia educativa orientarase á promoción e difusión do castelán e demais linguas españolas, así como á promoción e organización de:

a) Ensinanzas regradas correspondentes a niveis non universitarios do sistema educativo español.

b) Currículos mixtos de contidos do sistema educativo español e dos propios doutros sistemas educativos.

c) Programas de apoio no marco de sistemas educativos estranxeiros para o ensino da lingua e cultura españolas.

d) Programas de apoio aos intercambios no ámbito educativo.

e) O ensino non regrado do castelán e das demais linguas españolas, a súa avaliación e certificación.

f) En xeral, cantas medidas poidan contribuír a facilitar aos españois o acceso á educación no estranxeiro e a potenciar a proxección da educación e a cultura españolas no exterior.

2. Así mesmo, a acción exterior en materia educativa colaborará coas estratexias de internacionalización das universidades españolas.

3. A acción educativa no exterior axustarase aos obxectivos establecidos na política educativa, aos compromisos que deriven das estratexias europeas e ás metas establecidas no ámbito iberoamericano.

4. Todos os programas educativos no exterior, así como os mecanismos de intercambio educativo e de mobilidade de profesores e alumnos, se incluírán na planificación da acción educativa exterior de forma específica.

Artigo 27. *Acción exterior en materia de deporte.*

1. A acción exterior en materia deportiva orientarase especialmente a:

a) Fomentar os intercambios institucionais, o patrocinio e o mecenado deportivo, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico aplicado ao deporte e á internacionalización da nosa industria do deporte.

b) Promover a cooperación internacional, con especial atención á formación de especialistas e expertos deportivos, á loita contra a dopaxe, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

c) Cooperar no mantemento da seguridade nos espectáculos deportivos.

2. Así mesmo, contribuirá ao desenvolvemento do movemento olímpico e paralímpico e á difusión dos ideais olímpicos.

Artigo 28. *Acción exterior en materia de turismo.*

1. A acción exterior en materia de turismo orientarase á promoción da imaxe de España como destino turístico e á planificación, desenvolvemento, execución e seguimento de actividades de carácter promocional do sector turístico español nos mercados internacionais, así como ao apoio á comercialización de produtos turísticos españois no exterior.

2. Así mesmo, a dita acción incluírá o exercicio das relacións turísticas internacionais, tanto de carácter bilateral como coas organizacións turísticas internacionais de carácter multilateral, e o fomento da cooperación turística internacional.

3. A acción exterior en materia turística comprenderá a asistencia e información ás entidades e empresas turísticas españolas na súa actividade internacional e o apoio á súa implantación no exterior.

4. Contribuirá especialmente á difusión no exterior da imaxe de España ao ser a acción turística un aspecto decisivo nela.

Artigo 29. *Acción exterior en materia agraria, alimentaria, pesqueira e ambiental.*

A acción exterior en materia agraria, alimentaria, pesqueira e ambiental orientarase á promoción dos produtos e servizos agroalimentarios e pesqueiros españois, á apertura de novos mercados para eles e á remoción dos obstáculos comerciais ou sanitarios a estes produtos, axustándose aos obxectivos establecidos na política agroalimentaria e pesqueira e aos compromisos que, se for o caso, deriven das estratexias da Unión Europea, así como á promoción da acción internacional en materia ambiental e dos produtos e servizos ambientais españois.

Artigo 30. *Acción exterior en materia de cambio climático.*

1. A acción exterior en materia de cambio climático promoverá a celebración de tratados internacionais e a adopción de normativa internacional que propicien un compromiso global e impulsará modelos produtivos e enerxéticos sustentables que permitan afrontar as consecuencias deste fenómeno, a xeración de modelos enerxéticos sustentables, usos máis eficientes da enerxía e a protección dos ecosistemas vexetais.

2. Igualmente, fomentaranse os intercambios, a cooperación internacional, así como a asistencia técnica especializada a outros Estados, para o desenvolvemento dos instrumentos normativos necesarios e a sensibilización ás poboacións na loita global contra o cambio climático.

Artigo 31. *Acción exterior en materia de saúde.*

1. A acción exterior en materia de saúde orientarase á protección da saúde dos cidadáns ante riscos sanitarios transfronteirizos de orixe humana, animal, alimentaria, ambiental ou outras; á colaboración en materia de asistencia sanitaria internacional; á actividade de inspección no ámbito da sanidade exterior; á colaboración en prevención e promoción da saúde dos cidadáns, e á cooperación en investigación e innovación en materia sanitaria e de formación.

2. A planificación da acción exterior en materia de saúde terá en conta as iniciativas e compromisos que deriven das estratexias que se impulsen no marco da Unión Europea e desde a Organización Mundial da Saúde e outras organizacións internacionais, e promoverá a presenza española nos foros sanitarios destas institucións, así como o fomento de tratados internacionais, e as actividades de cooperación internacional e de mobilidade de expertos.

Artigo 32. *Acción exterior en materia de enerxía.*

1. A acción exterior en materia de enerxía centrarase na dirección, coordinación e xestión dos asuntos e procesos enerxéticos internacionais de carácter rexional e global, así como na participación nas actividades derivadas da pertenza de España a organizacións internacionais e nas derivadas das relacións internacionais tanto bilaterais como multilaterais no ámbito da política enerxética. Neste sentido, prestarase especial atención ao impulso e desenvolvemento de todas aquelas actividades necesarias para o cumprimento derivado dos compromisos internacionais e programas internacionais de cooperación e asistencia técnica asumidos nestas materias e ao seu seguimento.

2. Así mesmo, impulsará a cooperación internacional co obxectivo de mellorar a competitividade do sector, garantir a seguridade de subministración, dando lugar, así mesmo, á apertura de novos mercados. Por conseguinte, esta cooperación centrarase en desenvolver e fomentar accións encamiñadas a mellorar o mantemento das relacións multilaterais e bilaterais, tanto cos principais Estados subministradores de enerxía como con aqueles Estados clave para fomentar a internacionalización das empresas españolas presentes no sector enerxético.

Artigo 33. *Acción exterior en materia de infraestruturas, transporte e vivenda.*

A acción exterior en materia de infraestruturas e transporte orientarase a mellorar os actuais niveis de seguridade, ao reforzamento da conectividade de España co exterior, a incrementar a eficiencia e sustentabilidade nos distintos modos de transporte e á internacionalización das empresas do sector de infraestruturas, transporte e construción. A acción exterior axustarase aos compromisos que deriven da política común de transportes da Unión Europea, dos instrumentos bilaterais, así como dos acordos das organizacións internacionais de que España forme parte.

TÍTULO II

Planificación, seguimento e coordinación da acción exterior

Artigo 34. *Planificación e seguimento da acción exterior.*

1. A planificación e o seguimento da acción exterior do Estado levarase a cabo a través da Estratexia de acción exterior e do Informe de acción exterior.

2. No proceso de elaboración de ambos os instrumentos participarán, nos termos previstos no artigo seguinte, os órganos constitucionais, as administracións públicas e os organismos e entidades e institucións delas dependentes que actúen no exterior.

Artigo 35. *A Estratexia de acción exterior.*

1. A Estratexia de acción exterior contén a expresión ordenada, sectorial e xeográfica das prioridades e obxectivos a medio prazo da acción exterior, e recolle o conxunto de actuacións dos órganos, organismos e entidades públicas no exterior ás cales dota de coherencia interna.

2. A Estratexia de acción exterior elabórase, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, conxuntamente con todos os departamentos ministeriais. A Estratexia de acción exterior integrará as propostas de todos eles, partindo das directrices, fins e obxectivos da política exterior fixada polo Goberno.

3. Así mesmo, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicitará e integrará, se for o caso, as propostas de actuación exterior dos órganos constitucionais, das comunidades e cidades autónomas e das entidades locais. A non integración das propostas dos órganos e entes mencionados no parágrafo anterior deberá ser motivada e fundarse na adecuación ás directrices, fins e obxectivos da política exterior fixados polo Goberno.

4. A Estratexia de acción exterior apróbase por acordo do Consello de Ministros, por iniciativa do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo do informe do Consello de Política Exterior, e terá unha vixencia de catro anos. O Goberno poderá aprobala por un período de vixencia inferior cando concorran circunstancias que así o fagan necesario ou o aconsellen.

5. Previamente á súa aprobación, o Goberno remitirá a Estratexia de acción exterior ás Cortes Xerais para o seu coñecemento e debate. O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación comparecerá, como mínimo unha vez ao ano, en cada unha das dúas Cámaras, para facer balance do cumprimento da Estratexia de acción exterior.

Artigo 36. *Da promoción da imaxe de España e da acción informativa no exterior.*

1. No proceso de elaboración da Estratexia de acción exterior, a Presidencia do Goberno e os ministerios da Presidencia e de Asuntos Exteriores e de Cooperación velarán pola integración nela das medidas necesarias, en todos os ámbitos sectoriais, para a promoción da imaxe de España no exterior.

2. Para estes efectos, solicitarase de todos os órganos, administracións, organismos e entidades que participen na elaboración da Estratexia de acción exterior unha proposta en que se definan os medios, accións, instrumentos e ferramentas, especialmente de diplomacia pública, que consideren oportunos para a promoción de España no exterior. Os órganos, organismos e entidades, dependentes orgánica e funcionalmente e adscritos aos departamentos ministeriais, presentarán as súas propostas a través destes.

3. Nos plans de acción exterior para a promoción da Marca España que aprobe o Goberno desenvolveranse as previsións contidas na estratexia, a través de accións concretas, obxectivos, indicadores e medidas de seguimento e avaliación.

4. As misións diplomáticas porporcionarán os elementos necesarios para a elaboración dos plans anuais. Para tal fin tomarán en consideración a opinión e achegas dos consellos de residentes no exterior, con especial referencia á percepción sobre España e ás singularidades culturais, sociolóxicas e políticas que deban ter en conta as actuacións para a promoción de España no seu respectivo ámbito xeográfico de actuación. Neste sentido, fomentarán a colaboración público-privada e a participación das empresas.

5. O Ministerio da Presidencia, no exercicio das súas competencias, coordinará a acción informativa exterior do Goberno, os servizos informativos do servizo exterior do Estado e a cobertura informativa internacional da actividade governamental, sen prexuízo

das competencias atribuídas ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación en materia de promoción da imaxe exterior de España.

Artigo 37. O informe anual de acción exterior.

1. No informe anual de acción exterior darase conta da execución da Estratexia de acción exterior, das actuacións realizadas, dos obxectivos logrados e dos recursos aplicados á súa consecución. Será elaborado, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, conxuntamente por todos os departamentos ministeriais, e con participación dos organismos e entidades públicas dependentes da Administración xeral do Estado que actúan no exterior, así como das comunidades e cidades autónomas e entidades locais.

2. Así mesmo, nos informes anuais darase conta das modificacións e adecuacións necesarias das prioridades e obxectivos contidos na Estratexia de acción exterior que se tivesen que realizar por circunstancias sobrevidas e cambios no contexto internacional.

3. O informe anual de acción exterior será aprobado por acordo do Consello de Ministros e publicado no «Boletín Oficial del Estado», por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo do informe do Consello de Política Exterior. Así mesmo, remitirase ás Cortes Xerais para o seu coñecemento.

Artigo 38. O Consello de Política Exterior.

1. O Consello de Política Exterior é o órgano colexiado de apoio e asesoramento ao presidente do Goberno no desempeño da súa función de dirección e coordinación da política exterior.

2. O Consello de Política Exterior exerce as competencias que lle atribúe a presente lei e, especialmente, a de asesorar o presidente do Goberno no exercicio da súa competencia de velar para que a acción exterior do Estado se desenvolva de conformidade cos principios establecidos nesta lei, e con suxeición ás directrices, fins e obxectivos de política exterior fixados polo Goberno e ao establecido nos instrumentos de planificación aprobados de conformidade con esta lei.

3. Así mesmo, e na forma en que se establece no artigo seguinte, o Consello de Política Exterior asesorará o presidente do Goberno sobre a ordenación dos medios do servizo exterior do Estado.

Artigo 39. O Consello Executivo de Política Exterior.

1. O Consello Executivo de Política Exterior é o órgano colexiado constituído no seo do Consello de Política Exterior para o adecuado exercicio das súas competencias ao cal corresponde executar cantas actuacións se lle encomenden. En particular, poderá promover a elaboración de plans de ordenación dos medios humanos, orzamentarios e materiais que conforman o servizo exterior do Estado, que garantan unha mellor asignación dos recursos públicos, conforme o principio de eficacia e eficiencia, e instará os órganos competentes en cada caso para a súa aprobación.

2. Cada dous anos, ou en calquera momento, cando causas sobrevidas ou cambios no contexto exterior o xustifiquen, por iniciativa dos departamentos ministeriais, o Consello Executivo de Política Exterior elaborará un informe que elevará ao Pleno do Consello de Política Exterior para asesorar o presidente do Goberno sobre a adecuación do despregamento e estrutura das misións diplomáticas, representacións permanentes e oficinas consulares, co fin de dotar da máxima eficacia o servizo exterior, no cumprimento das directrices, fins e obxectivos de política exterior e da máxima eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, no marco da Estratexia de acción exterior do Estado.

Artigo 40. Grupo de emerxencia consular.

1. Para garantir a asistencia e protección debida aos cidadáns españois no exterior, o Consello de Política Exterior constituirá no seu seo un grupo de emerxencia consular,

presidido polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, cando se produza unha situación de crise bélica, de seguridade, desastre natural, de emerxencia sanitaria ou alimentaria ou de calquera outra índole que requira a coordinación de distintos órganos e organismos da Administración xeral do Estado.

Este grupo constituirase cando a situación que afecte os españois no exterior non estea sendo obxecto de estudo ou xestión por calquera outro grupo ou comisión con competencias específicas na materia. Integrarase no dito grupo un representante da Secretaría de Estado de Comunicación.

2. O grupo elevará as recomendacións oportunas ao presidente do Goberno sobre as medidas e actuacións que considere necesarias ou convenientes para prestar a asistencia e protección aos españois afectados.

3. Cando o Goberno, nunha situación de emerxencia consular, decida intervir en operacións de asistencia no estranxeiro que comporten a utilización de recursos orzamentarios do Estado, poderá exixir o reembolso da totalidade ou parte deles a quen se expuxese voluntariamente a riscos sobre os que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación informa nas súas recomendacións de viaxe, publicadas e actualizadas puntualmente, en relación coas condicións de seguridade nos distintos Estados e rexións do mundo.

TÍTULO III

Da Administración xeral do Estado no exterior: o servizo exterior do Estado

Artigo 41. *Do servizo exterior do Estado.*

1. O servizo exterior do Estado intégrano os órganos, unidades administrativas, institucións e medios humanos e materiais da Administración xeral do Estado que actúan no exterior, baixo a dependencia xerárquica do embaixador e orgánica e funcional dos respectivos departamentos ministeriais, e sen prexuízo do disposto no artigo 45.4.

2. Corresponde ao servizo exterior do Estado achegar elementos de análise e valoración necesarios para que o Goberno formule e execute a súa política exterior, desenvolva a súa acción exterior e coordine a de todos os suxeitos da acción exterior do Estado mencionados no artigo 5 desta lei, así como promover e defender os intereses de España no exterior.

3. Así mesmo, correspóndelle prestar asistencia e protección e facilitar o exercicio dos seus dereitos aos españois no exterior, prestar asistencia ás empresas españolas no exterior, así como exercer todas aquelas competencias que lle atribúa esta lei e a normativa vixente.

4. No exercicio das súas funcións, o servizo exterior do Estado actuará conforme as normas do dereito interno español, do dereito da Unión Europea, do dereito internacional e con respecto ás leis dos Estados estranxeiros en que actúa.

5. En atención ás peculiaridades do ámbito internacional en que desenvolve principalmente as súas actividades, poderanse establecer normas específicas para o servizo exterior do Estado en materia de xestión de persoal, administración e xestión económica, contratación pública, seguridade da información, defensa en xuízo do Estado no exterior e calquera outra que sexa necesaria para o exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO I

Organización do servizo exterior do Estado

Artigo 42. *Das misións diplomáticas permanentes e da representación permanente ante a Unión Europea e outras organizacións internacionais.*

1. As misións diplomáticas permanentes representan con este carácter España ante un ou varios Estados con que ten establecidas relacións diplomáticas. Cando unha misión

represente España ante varios Estados farao en réxime de acreditación múltiple e con residencia nun deles.

2. As representacións permanentes representan con este carácter España ante a Unión Europea ou unha organización internacional. Terán o carácter de representacións de observación cando España non for parte da organización ante a que se acreditan.

3. As misións diplomáticas e representacións permanentes exercerán todas as funcións que lles atribúe a normativa vixente, o dereito internacional xeral e os tratados internacionais dos cales España é parte, e a normativa aplicable á Unión Europea ou a organización internacional ante a que a representación se encontre acreditada.

4. En especial, corresponde ás misións diplomáticas permanentes:

- a) Representar España ante o Estado receptor.
- b) Protexer no Estado receptor os intereses de España e os dos seus nacionais dentro dos límites permitidos polo dereito internacional. Naqueles Estados onde non existan oficinas consulares, ou existan en cidades diferentes de onde radica a misión diplomática, as funcións consulares serán exercidas por esta, a través da súa sección consular.
- c) Negociar co Goberno do Estado receptor.
- d) Informarse das condicións e da evolución dos acontecementos no Estado receptor e trasladar a dita información ao Goberno español.
- e) Fomentar as relacións amigables e desenvolver as relacións co Estado receptor en todos os ámbitos da acción exterior.
- f) Cooperar coas instancias de representación exterior da Unión Europea na identificación, defensa e promoción dos intereses e obxectivos da súa acción exterior.

5. A creación e supresión das misións diplomáticas permanentes e representacións permanentes realizarase mediante real decreto do Consello de Ministros, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior.

6. A creación e supresión dos órganos técnicos especializados a que se refire o artigo 45.3, en canto supón modificación da estrutura da misión ou representación, realizarase por real decreto, por iniciativa do ministerio competente, logo do informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior.

7. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aprobará as relacións de postos de traballo das misións diplomáticas permanentes e representacións permanentes, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior.

Artigo 43. Das funcións das misións diplomáticas e representacións permanentes na acción exterior do Estado.

1. As misións diplomáticas e representacións permanentes executan e desenvolven a política exterior e a acción exterior do Estado. Para estes efectos, as directrices, fins e obxectivos da política exterior e a Estratexia de acción exterior vertebran a actuación de todos os órganos e unidades administrativas no exterior.

2. As misións diplomáticas e representacións permanentes son o instrumento principal para o desenvolvemento da acción exterior de todos os órganos, organismos e entidades públicas con proxección exterior. As instrucións que os distintos órganos, organismos e entidades trasladan ao xefe de misión ou representación para o desenvolvemento da acción exterior nos seus respectivos ámbitos deberanse axustar ao previsto na Estratexia de acción exterior e cursaranse a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, sen prexuízo do disposto no artigo 45.5 respecto dos órganos técnicos especializados.

Artigo 44. *Xefatura da misión.*

1. A xefatura da misión diplomática permanente será exercida por un embaixador extraordinario e plenipotenciario que terá a representación e máxima autoridade de España ante o Estado receptor. No caso das representacións permanentes, será exercida por un embaixador representante permanente. A xefatura de misión poderá ser tamén exercida por un encargado de negocios con cartas de gabinete.

O rei acreditará, mediante as correspondentes cartas credenciais, os xefes de misión diplomática e representación permanente. Os encargados de negocios serán acreditados mediante cartas de gabinete asinadas polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. O xefe de misión ou representación permanente, orgánica e funcionalmente dependente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, representa o conxunto da Administración do Estado e exerce a xefatura superior de todo o persoal da misión ou representación. Corresponde ao xefe da misión diplomática ou da representación permanente o exercicio das funcións que o artigo 42.4 atribúe ás misións diplomáticas e todas as que lle atribúen as leis, o dereito internacional e os tratados internacionais de que España é parte.

3. Corresponde ao xefe de misión ou representación permanente a dirección da misión diplomática ou representación permanente, así como a coordinación da acción exterior e do servizo exterior do Estado no Estado ou organización de acreditación, en cumprimento das directrices, fins e obxectivos fixados polo Goberno para a política exterior, e de acordo co principio de unidade de acción no exterior e os demais principios que se recollen no artigo 3 da lei. No exercicio destas funcións, propondrá ao Goberno, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, os ámbitos de acción exterior que considere máis pertinentes ou adecuados para o cumprimento dos obxectivos de política exterior no país ou organización de acreditación.

O xefe da misión diplomática ou representación permanente informará os membros da misión ou representación dos asuntos que afecten o desempeño das súas funcións e recibirá puntual información destes sobre as súas actividades. De igual forma, supervisará, coordinará e impulsará a actividade de todas as unidades e órganos que integran a misión.

4. Os embaixadores serán designados e cesarán por real decreto acordado en Consello de Ministros por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Os encargados de negocios con cartas de gabinete serán designados por orde do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Os embaixadores extraordinarios e plenipotenciarios, embaixadores representantes permanentes e encargados de negocios con cartas de gabinete serán designados entre funcionarios da carreira diplomática na forma que regulamentariamente se determine, sen prexuízo de que o Goberno, en exercicio da súa potestade discrecional, poida designar embaixadores a persoas non pertencentes á carreira diplomática. A proposta de designación farase, en todo caso, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, de acordo co establecido no número 10 do artigo 6 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

5. No caso de embaixadores representantes permanentes ante organizacións internacionais cuxo ámbito de actuación sexa coincidente en todo ou en parte coas competencias dalgún departamento ministerial, a proposta da súa designación e cesamento polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación farase logo do informe do dito departamento.

6. Unha vez designado, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación facilitará a cada embaixador unha carta de instrucións, na cal se recollen as directrices do Goberno, fins e obxectivos da política exterior cara ao Estado ou organización internacional de acreditación, así como os fins, obxectivos e directrices da acción exterior do Estado, de conformidade coa Estratexia de acción exterior e a información que ao respecto se solicite dos departamentos, comunidades autónomas e organismos deles dependentes.

7. O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará á Comisión de Asuntos Exteriores do Congreso dos Deputados toda designación de embaixadores, para os efectos da posible solicitude de comparecencia para informar os seus membros sobre os obxectivos da súa misión, en función das directrices recibidas na súa carta de instrucións. A Comisión Mixta para a Unión Europea poderá solicitar a comparecencia do embaixador representante permanente ante a Unión Europea.

8. Nos casos de vacante, ausencia ou imposibilidade de exercicio do xefe de misión ou representación, a xefatura de misión ou representación será desempeñada pola segunda xefatura e, no seu defecto, polo funcionario diplomático que preste os seus servizos na chancelaría diplomática e teña maior categoría administrativa ou, a igual categoría, polo de maior antigüidade.

Artigo 45. *Organización da misión diplomática ou representación permanente.*

1. A misión diplomática ou representación permanente integrarana:

- a) A xefatura da misión diplomática ou da representación permanente.
- b) A chancelaría diplomática.
- c) As consellerías, agregadorías, oficinas sectoriais, oficinas económicas e comerciais, oficinas técnicas de cooperación, centros culturais, centros de formación da cooperación española, así como o Instituto Cervantes.
- d) Se é o caso, a Sección de Servizos Comúns.

2. A chancelaría diplomática desenvolve as funcións diplomáticas, consulares, de cooperación, así como as de natureza política e as de representación.

Contribúe ao desenvolvemento dos restantes ámbitos da acción exterior, especialmente onde non actúen órganos técnicos especializados dos previstos no número seguinte.

A xefatura da chancelaría diplomática será exercida, baixo a dirección do embaixador ou representante permanente, polo funcionario da carreira diplomática que desempeñe a segunda xefatura da misión diplomática ou da representación permanente ante organizacións internacionais. O Consello de Ministros poderá designar este último como embaixador representante permanente adxunto na forma que regulamentariamente se determine.

3. As consellerías, agregadorías, oficinas económicas e comerciais, oficinas técnicas de cooperación, oficinas sectoriais, centros culturais e centros de formación da cooperación española e Instituto Cervantes son órganos técnicos especializados da misión diplomática ou representación permanente que, baixo a dependencia xerárquica do embaixador, lle prestan asesoramento e apoio técnico e asisten este e a misión no desempeño das súas funcións, no desenvolvemento dos ámbitos da acción exterior, sen prexuízo da súa dependencia orgánica e funcional dos seus respectivos departamentos a que corresponde a súa organización interna e dotación orzamentaria.

4. A sección de servizos comúns, alí onde se estableza ou amplíe, de acordo coa proposta do Consello Executivo de Política Exterior ao abeiro da disposición adicional sexta, e logo do informe favorable do departamento de que dependan os correspondentes recursos, é a unidade administrativa que xestiona os servizos e recursos compartidos polas distintas unidades referidas no número 1, letras a), b) e c), deste artigo. A sección de servizos comúns estará a cargo dun chanceler, funcionario de carreira, acreditado como agregado administrativo ante o Estado receptor, ou en función da importancia e tamaño da misión, por un funcionario do subgrupo A1 acreditado como conselleiro.

5. As consellerías e agregadorías sectoriais e o resto de órganos especializados comunicaranse directamente cos departamentos ministeriais de que dependan ou cos competentes na materia de que se trate, e estes con aquelas e, asemade, deberán manter informado o xefe da misión diplomática ou da representación permanente. As instrucións que os departamentos ministeriais cursen aos seus órganos técnicos no exterior deberanse axustar ao previsto na Estratexia de acción exterior.

Artigo 46. *Misións diplomáticas especiais e delegacións.*

1. As misións diplomáticas especiais representan temporalmente o Reino de España ante un ou varios Estados, co seu consentimento, para unha función concreta, ou ante un ou varios Estados onde non existe misión diplomática permanente ou ante o conxunto de Estados, para unha función de carácter especial.

A misión diplomática especial crearase por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior, mediante real decreto en que se fixará a súa función e os criterios para determinar o inicio e o final da misión.

O xefe da misión será designado por real decreto aprobado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co título de embaixador en misión especial, segundo o procedemento previsto no artigo 44 para a designación de embaixadores.

2. As delegacións representan o Reino de España nun órgano dunha organización internacional, nunha conferencia de Estados convocada por unha organización internacional ou baixo os seus auspicios, ou nun acto concreto organizado por un terceiro Estado para o que se requira conformar unha delegación con carácter oficial.

As delegacións estarán presididas polos órganos que teñen a representación do Estado no exterior: o xefe de Estado, presidente do Goberno ou ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Cando a delegación deba ser presidida polo titular doutro órgano, autorizaráa o Consello de Ministros, mediante real decreto, por proposta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, cando se trate de ter a representación do Estado ante outro Estado, ou polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, mediante a correspondente plenipotencia, para a representación do Estado ante órganos de organizacións internacionais ou en conferencias internacionais.

Artigo 47. *Das oficinas consulares.*

1. As oficinas consulares son os órganos da Administración xeral do Estado encargados do exercicio das funcións consulares e, especialmente, de prestar asistencia e protección aos españois no exterior. As oficinas consulares exercerán as funcións que lles atribúen a normativa vixente, o dereito internacional e os tratados internacionais dos cales España é parte.

2. A creación e supresión das oficinas consulares de carreira e axencias consulares realizarase mediante real decreto do Consello de Ministros, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do que dependen orgánica e funcionalmente, e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe do Consello Executivo de Política Exterior.

3. No suposto de integración nas oficinas consulares de órganos técnicos especializados análogos aos mencionados no artigo 45.3 desta lei, a súa creación e supresión, en canto supón modificación da estrutura da oficina, realizarase por real decreto, por iniciativa conxunta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do departamento competente, e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior.

4. O real decreto de creación fixará o ámbito territorial da demarcación consular e a sede da oficina. Corresponde ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aprobar as relacións de postos de traballo para as oficinas consulares, por proposta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior. Este mesmo procedemento será de aplicación para a creación e aprobación da estrutura das axencias consulares dependentes dunha oficina consular de carreira.

Artigo 48. *Clases de oficinas consulares e organización.*

1. As oficinas consulares poderán ser de carreira e honorarias. As primeiras poderán ter categoría de consulado xeral ou de consulado e estarán dirixidas por funcionarios da carreira diplomática. As segundas estarán a cargo de cónsules honorarios e poderán ser consulados honorarios ou viceconsulados honorarios. A lei, o dereito internacional e os tratados de que España é parte determinan as funcións e competencias de cada tipo de oficina consular. As oficinas consulares honorarias crearanse por orde do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. O xefe da oficina consular de carreira será designado por orde do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación entre funcionarios da carreira diplomática e será provisto dunha carta patente, ou outro instrumento admitido polo dereito internacional, outorgada pola súa maxestade o rei co referendo do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, na cal constará, ademais do seu nome e categoría persoal, a circunscrición consular e a sede da oficina ao seu cargo.

3. O xefe da oficina consular exercerá a xefatura e dirección de todos os servizos e persoal da oficina consular. Coordinará e, por delegación do xefe da misión diplomática permanente correspondente, impartirá instrucións ás axencias consulares e oficinas consulares honorarias establecidas na súa circunscrición. Os cónsules xerais exercerán as mesmas funcións respecto dos consulados de carreira establecidos na súa circunscrición.

4. As oficinas consulares de carreira contarán cunha sección administrativa, a cargo dun chanceler e, se for o caso, coas seccións cuxa composición e funcións se establezan no seu real decreto de creación. Naquelas oficinas consulares ou axencias consulares en que se integren oficinas sectoriais poderase establecer tamén unha sección de servizos comúns que permita a xestión administrativa integrada dos servizos que se determinen, de conformidade co disposto nesta lei.

5. As axencias consulares son oficinas dependentes dunha oficina consular de carreira, creadas en localidades distintas daquela en que se localiza a oficina de que dependen, coa finalidade de descentralizar a súa xestión, e estarán a cargo dun funcionario da carreira diplomática. As ditas axencias dependerán do consulado xeral ou do consulado en cuxa demarcación estean localizadas e as súas funcións fixaranse de común acordo entre España e as autoridades competentes do Estado receptor, dentro dos límites e previsións legais da normativa internacional aplicable.

6. Os xefes da oficina consular de carreira axustarán a súa actuación ás instrucións do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do xefe da misión diplomática permanente de que dependan, excepto en materia de fe pública, rexistro civil ou xurisdición voluntaria, nas cales estarán suxeitos ao establecido pola lexislación notarial, rexistral e procesual para o exercicio destas funcións e ás resolucións, instrucións e circulares da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Os xefes das oficinas consulares poderán, igualmente, recibir instrucións dos departamentos ministeriais correspondentes para o desenvolvemento doutros ámbitos da acción exterior a través do xefe da respectiva misión diplomática.

CAPÍTULO II

Do servizo exterior do Estado no marco da Unión Europea e da Comunidade Iberoamericana de Nacións

Artigo 49. *Incorporación a delegacións da Unión Europea, misións diplomáticas conxuntas e órganos técnicos especializados conxuntos.*

1. O Goberno, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do

Consello Executivo de Política Exterior, poderá acordar cos órganos competentes da Unión Europea ou dos seus Estados membros:

- a) A creación de misións diplomáticas conxuntas con outros membros da Unión Europea en terceiros Estados, especialmente nos que non existan delegacións da Unión Europea.
- b) A creación de oficinas culturais conxuntas en terceiros Estados, para difundir os principios e valores en que se fundamenta a Unión.
- c) A creación de oficinas sectoriais conxuntas en terceiros Estados, por iniciativa conxunta co departamento competente por razón da materia.
- d) A incorporación de funcionarios españois a delegacións da Unión Europea nos Estados en que España non teña misión diplomática permanente, co fin de que desempeñen determinadas funcións do servizo exterior español.
- e) Que funcionarios do servizo exterior español compartan servizos comúns coas delegacións da Unión Europea ou coas misións diplomáticas permanentes doutros Estados da Unión.

2. As oficinas que se citan nas letras b) e c) do número anterior integraranse nas delegacións da Unión Europea, ou na misión diplomática española ou na do Estado membro con que se acorde a súa apertura.

Nos acordos que se formalicen coas institucións da Unión Europea ou dos Estados membros competentes concretaranse as condicións que rexerán estas misións e órganos técnicos especializados conxuntos.

Artigo 50. *Oficinas consulares conxuntas con Estados membros da Unión Europea.*

1. O Goberno, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior, poderá acordar con outros membros da Unión Europea a creación de oficinas consulares conxuntas en terceiros Estados, así como compartir servizos comúns coas oficinas consulares doutros Estados da Unión, en particular en materia de visados Schengen.

2. Nos acordos que se formalicen coas autoridades competentes concretaranse as condicións que rexerán estas oficinas.

Artigo 51. *Promoción profesional na Unión Europea e en organizacións internacionais.*

O Goberno promoverá a candidatura de funcionarios españois aos órganos correspondentes da Unión Europea e das organizacións internacionais das que España é parte, co ánimo de impulsar a política exterior e de seguridade da Unión Europea e o multilateralismo.

Artigo 52. *Creación de órganos técnicos especializados conxuntos no marco da Comunidade Iberoamericana de Nacións.*

No marco da Comunidade Iberoamericana de Nacións, sustentado no diálogo, a solidariedade e a adopción de accións concertadas, o Goberno, por iniciativa conxunta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do competente por razón da materia, e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe do Consello Executivo de Política Exterior, poderá acordar cos órganos competentes dos Estados que integran a Comunidade Iberoamericana de Nacións a creación de oficinas sectoriais conxuntas en terceiros Estados, para o desenvolvemento de ámbitos específicos da acción exterior.

Así mesmo, o Goberno promoverá acordos cos Estados da Comunidade Iberoamericana de Nacións con obxecto de facilitar a incorporación recíproca de funcionarios dos seus respectivos servizos exteriores nas misións diplomáticas en terceiros Estados.

Nos acordos que se formalicen coas autoridades competentes concretaranse as condicións que rexerán estas misións e oficinas sectoriais conxuntas.

Artigo 53. *Cumios iberoamericanos de xefes de Estado e de Goberno.*

No marco da Conferencia Iberoamericana e os cumios iberoamericanos de xefes de Estado e Goberno, o Goberno promoverá a cohesión e cooperación interna no seu seo, para a súa proxección internacional, especialmente nos seus vínculos e relacións coa Unión Europea.

CAPÍTULO III

Do persoal do servizo exterior

Artigo 54. *Das clases de persoal.*

1. O persoal ao servizo da Administración xeral do Estado no exterior integraranos funcionarios públicos e persoal laboral.

2. O persoal da Administración do Estado terá a consideración de persoal do servizo exterior durante o período de tempo en que estea destinado e ocupe un posto de traballo nas relacións de postos de traballo das misións diplomáticas, consulados, representacións permanentes ou representacións. Ao finalizar o seu destino deberase reintegrar a un posto de traballo no ministerio de adscrición ou no departamento en que prestaban servizos antes de ocupar unha praza no servizo exterior do Estado, de acordo co disposto na normativa de función pública, sen que opere a garantía de asignación dun novo posto de traballo na localidade de destino no exterior.

3. No caso de delegacións da Unión Europea ou misións conxuntas cos seus Estados membros, ou organizacións internacionais ou intergubernamentais, só terá a consideración de persoal do servizo exterior español o persoal que ocupe un posto de traballo da relación de postos de traballo da Administración xeral do Estado e non aquel que ocupe postos de traballo do servizo exterior europeo ou dunha organización internacional ou intergubernamental.

4. O Rexistro Central de Persoal, dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, actuará, de acordo co seu ámbito rexistral, como instrumento de información para a ordenación dos recursos humanos da Administración xeral do Estado destinados á acción exterior do Estado, poñendo á disposición do Consello Executivo de Política Exterior a información necesaria existente nel.

Artigo 55. *Dos corpos que integran o servizo exterior con funcións atribuídas en exclusiva.*

1. Os funcionarios da carreira diplomática que se someten a un réxime de obrigada mobilidade fóra de España constitúen o corpo da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, ao cal, pola súa preparación específica, lle están encomendadas as funcións de natureza política, diplomáticas e consulares, de acordo co establecido polos tratados internacionais en vigor, polo que os postos que teñan atribuídas as ditas funcións se adscriben, con carácter exclusivo, aos ditos funcionarios.

Os postos de traballo de conselleiro económico e comercial das oficinas económicas e comerciais serán adscritos, en exclusiva, a funcionarios pertencentes ao corpo superior de técnicos comerciais e economistas do Estado, por razón da súa preparación específica e das funcións desempeñadas nos ditos postos.

2. As funcións propias do resto de postos, correspondentes aos órganos especializados mencionados no artigo 45.3, distintos dos recollidos no número anterior, desenvolveranas os funcionarios nomeados neles polo departamento ministerial de que dependan orgánica e funcionalmente; pode estar reservada a súa cobertura ou

establecida unha determinada preferencia para determinados corpos de funcionarios cando así estea previsto regulamentariamente.

Artigo 56. Inspección dos servizos e potestade disciplinaria.

1. A inspección dos servizos do servizo exterior será a dependente de cada departamento ministerial. En determinados supostos, esta poderá ser encomendada á Inspección Xeral do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo da aplicación da súa normativa específica. A forma e supostos en que se poderán realizar tales encomendas determinaranse regulamentariamente.

2. Sen prexuízo da dependencia xerárquica do xefe de misión, a potestade disciplinaria será exercida polo departamento de dependencia do empregado público.

Artigo 57. Nomeamento, cesamento e acreditación do persoal do servizo exterior.

1. Os postos de traballo cuxos titulares deban ser acreditados como persoal diplomático ou consular serán cubertos polo procedemento de libre designación, por funcionarios, ou polos procedementos propios para a súa provisión por razón da súa pertenza a un corpo con funcións atribuídas en exclusiva.

2. O nomeamento farao o departamento de dependencia, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia de acordo coa súa normativa específica e cos principios de igualdade, mérito e capacidade. O seu cesamento será tamén competencia do departamento correspondente.

3. A acreditación do persoal do servizo exterior ante o Estado receptor ou ante a organización internacional, segundo os casos, corresponde ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 58. Da formación do persoal do servizo exterior do Estado.

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, en colaboración cos outros departamentos, promoverá unha formación continuada do persoal do servizo exterior do Estado que sirva ao mellor desempeño das súas funcións, á prestación aos cidadáns dun servizo público eficiente e de calidade e á promoción da carreira profesional.

2. A escola diplomática, dependente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, é centro de formación do persoal do servizo exterior do Estado e promoverá a capacitación do dito persoal en materias propias del.

3. A escola diplomática é, ademais, o centro de formación principal dos funcionarios da carreira diplomática, e na forma en que se determine regulamentariamente, impartirá os cursos e materias necesarias para facilitar a formación continua necesaria para a promoción profesional dos ditos funcionarios, en particular nas áreas de relacións exteriores, diplomáticas, consulares e de cooperación, que impartirá en colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

4. A escola diplomática establecerá, a través dos oportunos convenios de colaboración ou instrumentos previstos na lexislación, os mecanismos para colaborar con outros centros formativos, públicos e privados, españois e estranxeiros, que permitan articular unha oferta formativa ampla, garantir unha formación de calidade e prover titulacións de referencia en materia de relacións internacionais.

5. A escola diplomática manterá vínculos coas escolas e centros similares doutros Estados, especialmente do ámbito iberoamericano, para efectos de favorecer intercambios de profesores e alumnos, e poderá impartir cursos específicos para o perfeccionamento ou especialización de funcionarios doutros servizos exteriores.

6. O ICEX España Exportación e Investimentos, a través do Centro de Estudos Económicos e Comerciais, é centro de formación da Administración xeral de Estado en materia de economía e comercio internacional e de investimentos exteriores e promoverá a capacitación do persoal do servizo exterior nas materias propias do seu ámbito.

CAPÍTULO IV

Dos familiares dos funcionarios do servizo exterior*Artigo 59. Do apoio ás familias.*

1. En execución da política do Goberno de conciliación da vida familiar e laboral e en beneficio dun mellor desempeño das funcións do servizo exterior, o Goberno establecerá as condicións para que os familiares poidan acompañar os funcionarios destinados no exterior.

2. Os órganos centrais do servizo exterior do Estado proporcionarán ás familias asistencia na preparación da súa saída ao exterior, en particular en materia de información sobre condicións de vida no país de destino. Así mesmo, facilitarán o acceso ao coñecemento de idiomas e posibilidades de traballo para os cónxuxes e parellas de feito.

3. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas determinará regulamentariamente as condicións en que os funcionarios da Administración xeral do Estado destinados no estranxeiro poderán percibir axudas destinadas a proporcionar aos seus fillos en idade escolar unha educación de calidade comparable á do sistema público español.

4. Os funcionarios da Administración xeral do Estado destinados no estranxeiro e os seus beneficiarios terán dereito a que se lles facilite o acceso a unha cobertura sanitaria similar á que terían de estaren prestando os seus servizos no territorio español. En caso de pertenza ao réxime do mutualismo administrativo, a asistencia sanitaria no estranxeiro farase conforme o disposto na normativa reguladora específica.

Artigo 60. Traballo dos familiares no exterior.

1. O Goberno, mediante a acción do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, fomentará a celebración de tratados internacionais que permitan o exercicio de actividades remuneradas aos cónxuxes ou ás súas parellas de feito que acompañen os funcionarios no seu destino no exterior.

2. O cónxuxe ou parella de feito do persoal funcionario ou laboral ao servizo da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos dependentes que, con motivo do destino destes últimos no exterior, traslade a súa residencia ao estranxeiro e teña a condición de funcionario ou persoal laboral da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos e entidades públicas dependentes terá preferencia, no caso de concorrencia con outros aspirantes e sempre que exista igualdade de méritos entre eles, para a cobertura de postos de traballo xa existentes na Administración xeral do Estado e nos seus organismos dependentes no exterior. No caso de postos de traballo cubertos mediante contrato laboral, a duración deste contrato quedará supeditada á permanencia do cónxuxe ou parella de feito no seu destino no exterior.

Disposición adicional primeira. Estratexia de acción exterior do Estado.

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación elevará ao Consello de Ministros a proposta da Estratexia de acción exterior do Estado para o período 2013-2017, elaborada de acordo co disposto no artigo 35 desta lei.

Disposición adicional segunda. Informe anual de acción exterior.

No primeiro trimestre do ano seguinte á aprobación da Estratexia de acción exterior do Estado, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación elevará o primeiro informe de acción exterior para a súa aprobación polo Consello de Ministros.

Disposición adicional terceira. *Informe sobre o despregamento do servizo exterior do Estado.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Consello Executivo de Política Exterior elaborará o informe sobre a situación dos inmobles e dos medios materiais e persoais das unidades administrativas e institucións no exterior dependentes da Administración xeral do Estado, así como sobre a adecuación do despregamento do servizo exterior do Estado, previsto no artigo 39 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Informe sobre o persoal laboral no exterior.*

No prazo de doce meses desde a entrada en vigor da lei, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo de consulta cos departamentos ministeriais con persoal laboral no exterior, elaborará un informe sobre a situación, condicións e réxime aplicable do persoal laboral no exterior, co fin de optimizar e ordenar a xestión dos recursos humanos no exterior da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos. Para a elaboración do informe, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá solicitar a colaboración dos departamentos ministeriais afectados.

Disposición adicional quinta. *Informe sobre situación dos cónxuxes ou parellas de feito do persoal funcionario ou laboral desprazado.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas elaborará un informe sobre a situación dos cónxuxes ou parellas de feito do persoal funcionario ou laboral desprazado que non teña a condición de empregado público, respecto do seu posible acceso á cobertura de postos de traballo existentes na Administración xeral do Estado e os seus organismos dependentes no exterior.

Así mesmo, elaborará un informe acerca da posibilidade de que os cónxuxes ou parellas de feito do dito persoal funcionario ou laboral desprazado poidan manter os dereitos adquiridos ou en curso de adquisición en materia de antigüidade, pensións e dereitos pasivos do sistema español de seguridade social e, en consecuencia, aboar voluntariamente as cotizacións correspondentes a períodos anteriores á entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional sexta. *Eficiencia e aforro no servizo exterior do Estado.*

1. De acordo co principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos a que se refire o artigo 7.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a xestión das unidades administrativas e institucións das administracións públicas no exterior estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, para cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

En particular, no Estado, tanto os plans de ordenación de medios cuxa elaboración promova o Consello Executivo como o informe sobre o despregamento do servizo exterior a que se refire o artigo 39 desta lei deberanse orientar e responder aos mencionados principios.

2. A xestión dos edificios administrativos do Estado no exterior efectuarase conforme os principios de:

a) Planificación global e integrada das necesidades de inmobles de uso administrativo.

b) Optimización do número de edificios ocupados, primando a utilización de sedes comúns que agrupen as unidades pertencentes aos diferentes departamentos e organismos con presenza no exterior e procurando a redución do número de arrendamentos cando isto sexa posible de acordo coas necesidades do servizo.

c) Rendibilidade dos investimentos en inmobles, procurando a máxima produtividade dos servizos administrativos que se localicen nestes.

Para estes efectos, o Consello Executivo de Política Exterior, logo do estudo da situación dos edificios no exterior, poderá presentar propostas, tanto xerais como concretas, de utilización destes recursos inmobiliarios do Estado para os efectos de que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo do informe da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais, poida fixar os correspondentes criterios de actuación.

3. Os departamentos ministeriais integrados nunha mesma sede contribuirán ao seu financiamento nos termos que se establezan nos correspondentes protocolos ou convenios de colaboración e de conformidade cos mecanismos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. En cumprimento do principio sinalado no número 1 desta disposición promoverase a integración nos inmobles do Estado das unidades ou servizos no exterior de comunidades autónomas, entidades locais ou organismos e entes dependentes delas, así como a súa adhesión aos esquemas de centralización de contratación e gasto no exterior a través de calquera dos mecanismos e procedementos previstos na lexislación vixente.

Disposición adicional sétima. *Réxime das Forzas Armadas.*

Dadas as especiais características das Forzas Armadas, de disciplina, xerarquía e unidade, as previsións do título III desta lei aplicaranse sen menoscabo do disposto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional; así como na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas; na Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas; na Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do código penal militar; na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro.

Disposición adicional oitava. *Exclusión dos centros educativos de titularidade pública e centros asistenciais no exterior.*

As disposicións contidas no título III, relativo ao servizo exterior do Estado, non serán de aplicación aos centros educativos de titularidade pública no estranxeiro, nin aos centros asistenciais do Instituto Social da Mariña no exterior, que se rexerán pola súa propia normativa.

Disposición adicional novena. *O Instituto Cervantes.*

O Instituto Cervantes contribuirá á difusión da cultura e da lingua no exterior, en coordinación cos demais órganos competentes da Administración xeral do Estado e en colaboración coas comunidades autónomas, sen prexuízo da promoción das demais linguas españolas cooficiais.

Disposición adicional décima. *Nomeamento e cesamento do persoal da representación permanente de España ante a Unión Europea.*

O nomeamento e o cesamento do persoal da representación permanente de España ante a Unión Europea levarase a cabo de conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 260/1986, do 17 de xaneiro, polo que se crea a representación permanente de España ante as comunidades europeas.

Disposición adicional décimo primeira. *Prestación de servizos de funcionarios da Administración xeral do Estado.*

O Goberno, a través dos ministerios competentes por razón da materia e logo do informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá celebrar, coas comunidades autónomas e coas cidades autónomas que así o soliciten, convenios de colaboración para establecer as condicións en que se poderá producir a prestación de servizo naquelas por parte de funcionarios da Administración xeral do Estado que, pola súa preparación específica, teñan asignadas as funcións relacionadas coas materias afectadas.

Esta prestación de servizos será para a asistencia e apoio a aquelas en materia de actuacións no marco das súas competencias con proxección exterior e de conformidade cos procedementos de mobilidade ou de provisión de postos de traballo previstos na normativa de función pública.

Disposición adicional décimo segunda. *Prestación de servizos por funcionarios no servizo europeo de acción exterior.*

O Goberno adoptará as medidas apropiadas para garantir as oportunidades que o servizo europeo de acción exterior ofrece ao persoal que preste ou prestase servizo no servizo exterior do Estado, e para facilitar o seu acceso e incorporación a el.

Disposición adicional décimo terceira. *Modificación do Estatuto da escola diplomática.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas analizarán a viabilidade da transformación do Estatuto da escola diplomática para a súa configuración como un centro de formación que poida obter recursos derivados da actividade formativa que constitúe o seu obxecto.

Disposición adicional décimo cuarta. *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas nesta lei non poderán supor incremento nin de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos do conxunto do persoal do servizo exterior e a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas emitirá informe sobre elas previamente á súa aplicación.

Disposición adicional décimo quinta. *Asistencia a novos emigrantes.*

As misións diplomáticas e oficinas consulares asumirán como un dos seus obxectivos prioritarios a atención aos novos emigrantes españois, especialmente naqueles Estados onde exista un maior fluxo de chegadas, co fin de facilitar tanto a súa integración laboral e persoal no país de acollida como, na medida do posible, de facilitar o regreso a España a aqueles inmigrantes que desexen volver.

Para isto, nas súas relacións co Goberno e as distintas administracións do Estado onde radiquen, realizarán unha planificación sistemática de contactos e relacións que aborden a situación laboral e social deste colectivo, favorecendo, entre outras medidas, a súa inclusión en programas de apoio xa existentes ou instando aquelas actuacións que poidan favorecerlos, relacionadas con vivenda, cursos de linguas e oportunidades de traballo. Na súa relación directa cos novos emigrantes, procurarán adecuar os seus horarios de atención e potenciar canles de comunicación electrónicas que melloren a tarefa de asistencia e protección a estes cidadáns.

Disposición adicional décimo sexta. *Requisitos para a realización de traducións e interpretacións de carácter oficial.*

As traducións e interpretacións dunha lingua estranxeira para o castelán e viceversa unicamente terán carácter oficial se foron realizadas por quen se encontre en posesión do

título de tradutor-intérprete xurado que outorga o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Os requisitos para o outorgamento deste título, así como o resto de elementos que conforman o seu réxime xurídico, desenvolveranse regulamentariamente. En todo caso, para o outorgamento deste título será necesario posuír un título de grao ou equivalente.

O carácter oficial dunha tradución ou interpretación comporta que esta poida ser achegada ante órganos xudiciais e administrativos nos termos que se determine regulamentariamente.

O tradutor-intérprete xurado certificará, coa súa sinatura e selo, a fidelidade e exactitude da tradución e interpretación.

A tradución e interpretación que realice un tradutor-intérprete xurado poderá ser revisada pola Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por solicitude do titular do órgano administrativo, xudicial, rexistro ou autoridade competente ante quen se presente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei e, en particular, o Real decreto 632/1987, do 8 de maio, sobre organización da Administración do Estado no exterior.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.*

Un. Suprímese a referencia que os números 1 e 3 do artigo 8, os números 2 e 3 do artigo 15, o artigo 16, o número 3 do artigo 19, o número 3 do artigo 22, o número 2.c) do artigo 23 e o número 2 do artigo 24 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, fan ao plan anual ou plans anuais.

Dous. Os ditos preceptos quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Planificación.*

1. A política española de cooperación internacional para o desenvolvemento da Administración xeral do Estado establecerase a través de plans directores.

2. O plan director, elemento básico da planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento da Administración xeral do Estado, formularase cuatrienalmente e conterá as liñas xerais e directrices básicas da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, sinalando os obxectivos e prioridades, así como os recursos orzamentarios indicativos que orientarán a actuación da cooperación española durante ese período, incorporando os documentos de estratexia relativos a cada sector da cooperación, zona xeográfica e países que sexan obxecto preferente da cooperación.

Artigo 15. *O Congreso dos Deputados.*

2. As Cortes Xerais debaterán anualmente, na forma e modo que se determine e por proposta e iniciativa do Goberno, a política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, e emitirán informe sobre a comunicación anual referente á execución do plan director e o informe anual de avaliación, de acordo co disposto nos regulamentos das cámaras.

3. Constituirase unha Comisión Parlamentaria de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento no Congreso dos Deputados e no Senado, de conformidade co que dispoñan os regulamentos das cámaras. Esta comisión será informada polo Goberno do nivel de execución e grao de cumprimento dos programas, proxectos e accións comprendidos no plan director e recibirá conta da avaliación da cooperación, así como dos resultados do exercicio precedente.

Artigo 16. *O Goberno.*

O Goberno define e dirixe a política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, o Goberno aproba o plan director.

Artigo 19. *A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica (Secipi).*

3. A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, logo de ditame do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento e da Comisión Interterritorial de Cooperación, formula a proposta do plan director, así como a definición das prioridades territoriais e sectoriais a que se refire o artigo 5.

Artigo 22. *O Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.*

3. O Consello de Cooperación ao Desenvolvemento emitirá informe sobre a proposta do plan director e a comunicación anual referente á execución do plan director e coñecerá os resultados e a avaliación da cooperación.

Artigo 23. *A Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento.*

2. As funcións da Comisión dirixiranse a promover os seguintes obxectivos:

c) A participación das administracións públicas na formación do plan director, así como na definición das súas prioridades.

Artigo 24. *A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.*

2. A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional, logo do ditame do Congreso dos Deputados e do Senado, someterá á aprobación do Goberno, a través do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, as propostas do plan director, e coñecerá os resultados e a avaliación da cooperación.»

Tres. O artigo 25 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 25. *A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).*

1. A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, axencia estatal adscrita ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, ten por obxecto o fomento, a xestión e a execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, sen prexuízo das competencias asignadas a outros departamentos ministeriais.

2. O persoal ao servizo da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento estará integrado por funcionarios públicos e persoal sometido a dereito laboral.

3. Os funcionarios das distintas administracións públicas que pasen a prestar os seus servizos na Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento quedarán na situación administrativa que corresponda de acordo coas normas aplicables á súa situación de procedencia. O sistema de cobertura de destinos por parte do persoal funcionario incluírá medidas que tendan a favorecer a súa especialización en tarefas de cooperación.

4. Os fins, funcións, organización e funcionamento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento estableceranse no seu estatuto, no marco do disposto pola Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais, para a mellora dos servizos públicos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1412/2000, do 21 de xullo, de creación do Consello de Política Exterior.*

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 e engádese un novo número 4 ao artigo 2 do Real decreto 1412/2000, do 21 de xullo, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Son membros permanentes o presidente do Goberno, o vicepresidente do Goberno e ministro da Presidencia e os ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación; de Xustiza; de Defensa; de Facenda e Administracións Públicas; de Interior; de Fomento; de Educación, Cultura e Deporte; de Emprego e de Seguridade Social; de Industria, Enerxía e Turismo; de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; de Economía e Competitividade; de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e o director do Gabinete da Presidencia do Goberno.

Así mesmo, será membro do Consello de Política Exterior o alto comisionado do Goberno para a Marca España, que participará nas súas reunións unicamente cando os asuntos que se van tratar afecten o seu ámbito competencial.

2. Poderán ser convocados, en función dos asuntos que se van tratar, outros membros do Goberno.

3. Poderán, igualmente, ser convocados, en función dos asuntos que se van tratar, autoridades ou altos cargos da Administración xeral do Estado e autoridades ou altos cargos das comunidades autónomas e entidades locais.

4. Exercerà as funcións de secretario o director de Departamento de Política Internacional e Seguridade do Gabinete do presidente do Goberno.»

Dous. Modifícase o artigo 5 do Real decreto 1412/2000, do 21 de xullo, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Consello Executivo de Acción Exterior.*

1. Para un adecuado exercicio das súas competencias créase un Consello Executivo de Acción Exterior no Consello de Política Exterior, presidido pola vicepresidenta primeira do Goberno, que será substituída, se for o caso, polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Os departamentos presentes no Consello determinarán a súa representación neste Consello Executivo de Acción Exterior. Os representantes designados por cada ministerio terán, como mínimo, a categoría de subsecretario ou asimilado.

3. Así mesmo, serán membros do Consello Executivo de Acción Exterior o secretario de Estado de Orzamentos e Gastos, o secretario de Estado de Administracións Públicas, o secretario de Estado de Comunicación e o alto comisionado do Goberno para a Marca España, que participarán nas súas reunións unicamente cando os asuntos que se van tratar afecten o seu respectivo ámbito competencial.

4. Poderán, igualmente, ser convocados, en función dos asuntos que se van tratar, autoridades ou altos cargos da Administración xeral do Estado e autoridades ou altos cargos das comunidades autónomas e entidades locais.

5. Exercerà as funcións de secretario o director de Departamento de Política Internacional e Seguridade do Gabinete do presidente do Goberno.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.*

A Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria, modifícase nos seguintes termos:

O artigo 40 queda redactado do seguinte modo:

«1. O restablecemento da unidade familiar das persoas refuxiadas e beneficiarias de protección subsidiaria poderase garantir mediante a concesión, respectivamente, do dereito de asilo ou da protección subsidiaria por extensión familiar, nos seguintes supostos:

a) Os ascendentes en primeiro grao que acrediten a dependencia e os seus descendentes en primeiro grao que sexan menores de idade; queda exceptuado o dereito á extensión familiar nos supostos de distinta nacionalidade.

As relacións familiares dos ascendentes e descendentes deberanse establecer mediante as probas científicas que sexan necesarias, nos casos onde non se poida determinar sen dúbidas esa relación de parentesco.

b) O cónxuxe ou persoa ligada por análoga relación de afectividade e convivencia, salvo os supostos de divorcio, separación legal, separación de feito, distinta nacionalidade ou concesión do estatuto de refuxiado por razón de xénero, cando no expediente da solicitude quede acreditado que a persoa sufriu ou tivo fundados temores de sufrir persecución singularizada por violencia de xénero por parte do seu cónxuxe ou convivente.

c) Outro adulto que sexa responsable do beneficiario de protección internacional, de acordo coa lexislación española vixente, cando o dito beneficiario sexa un menor non casado.

d) Poderase tamén conceder asilo ou protección subsidiaria por extensión familiar a outros membros da familia da persoa refuxiada ou beneficiaria de protección subsidiaria sempre que resulte suficientemente establecida a dependencia respecto daqueles e a existencia de convivencia previa no país de orixe.

2. A Oficina de Asilo e Refuxio tramitará as solicitudes de extensión familiar presentadas. Unha vez instruídas, procederase, logo do estudo na Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, a elevar a proposta de resolución ao ministro do Interior, quen resolverá.

3. A resolución pola que se acorde a concesión do dereito de asilo ou da protección subsidiaria por extensión familiar comportará para os beneficiarios os efectos previstos no artigo 36.

4. En ningún caso se concederá protección internacional por extensión familiar ás persoas incursas nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 8 e nos artigos 9, 11 e 12 da presente lei.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro dos artigos 149.1.3.^a, 97 e 149.1.18.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais, dirección da política exterior e bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

As modificacións que, a partir da entrada en vigor desta lei, se poidan realizar ao previsto na disposición derradeira segunda poderanse efectuar regulamentariamente, consonte a normativa específica de aplicación.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY